

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	DISLEXI
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE /		Nacionalid			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home		
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos	<input type="checkbox"/> Universitarios		<input type="checkbox"/> Secundarios		

Estes datos serán totalmente confidenciales.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- ρ Le com calma estas instrucións do exame antes de responder.
- ρ Usa bolígrafo negro ou azul.
- ρ Non se permite usar material de apoio.
- ρ Contesta ao que che pregunten.
- ρ Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- ρ Só se entrega este caderno de exame.
- ρ Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- ρ Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal . Non uses típex.
- ρ Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota
- ρ Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.

Celga

Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-A-19-2-DLX

Proba A1

Ti estás moi sorprendido/a porque en Galicia cada ano hai máis turistas.

Para saber máis, ves un programa da televisión sobre o turismo e despois decides **escribir un comentario nunha páxina de internet** sobre este tema.

Escribe un **texto de 160 a 200 palabras**, no que debes:

- Saudar e expresar a túa sorpresa polo aumento de turistas en Galicia.
- Explicar por que cres que agora visitan Galicia tantas persoas.
- Dicir como son e para que serven as cabanas de Outes.
- Animar a xente a ir a estas cabanas e despedirse



<https://www.escapadarural.com/blog/casas-rurales-para-dormir-en-los-arboles/>

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.

Proba A2

Ti recibes unha mensaxe do teu primo no correo electrónico. Nela cóntache que non consegue atopar traballo. Despois de ler estes consellos nun xornal, decides escribirlle outra mensaxe de **correo electrónico**.

Neste **correo electrónico de 160 a 200 palabras**, tes que:

- Saudalo e pedirlle que che conte que problemas ten para atopar traballo.
- Explicarlle de que maneiras se pode buscar traballo.
- Propoñerlle a forma de atopar traballo que che parece mellor para o teu primo.
- Contarlle como fixeches ti ou alguén coñecido para encontrar traballo e despedirte.



Maneiras de atopar traballo

Para ter máis posibilidades de contactar con empresas e encontrar un traballo pode ser útil pedir axuda a profesionais. Tamén se pode buscar traballo nos anuncios dos periódicos, por internet ou falando con persoas coñecidas.

Estas son as maneiras que utiliza a maioría da xente para atopar traballo:

Empresas de Traballo Temporal (ETT):

<https://pixabay.com/es/photos/negocio-papeleo-deal-acuerdo-3152586/>




Son empresas privadas que che buscan un traballo, así non tes que preocuparte de facelo ti. Fanche un contrato temporal pero non che serve se o que buscas é un traballo fixo.

O 15% ou 20% (15 ou 20 de cada 100) dos contratos de traballo fanse desta maneira.

Axencias de colocación:

<https://pixabay.com/es/illustrations/empresario-empresaria-selecci%C3%B3n-1765641/>



Son empresas que colaboran cos servizos públicos de emprego, como por exemplo os da Xunta de Galicia.

Axudan ás persoas a atopar un traballo. Tamén axudan ás empresas a atopar os traballadores ou traballadoras que necesitan.

O 6 % (6 de cada 100) dos traballos conséguense a través destas axencias.

Servizos públicos de emprego (SPE):

<https://pixabay.com/es/photos/rusia-oficina-hombres-mujeres-95311/>



Estes servizos públicos fan de intermediarios entre a persoa e a empresa cando estás buscando traballo. Aconséllante sobre cales son as mellores opcións para ti e tamén poden darche formación, como por exemplo cursos gratuítos... Estes servizos son os mellores para persoas que levan moito tempo sen traballar.

Aínda así, pouca xente encontra traballo a través dos SPE (Servizos públicos de emprego).

O 8 ou o 10 % (entre 8 e 10 de cada 100 persoas) atopa traballo desta maneira.

Internet: <https://pixabay.com/es/illustrations/internet-los-derechos-de-uso-1013673/>



En Internet podes atopar moitas páxinas especializadas que che poden axudar a buscar traballo e tamén cursos para prepararte mellor. Cada vez son máis as persoas que visitan estas páxinas.

Tamén aumentou o número de traballos que se conseguen grazas a Internet: ata un 6 % (6 de cada 100 persoas).

A maioría da xente que utiliza Internet para buscar traballo ten entre 20 e 34 anos, é de clase media-alta e con estudos.

Anuncios de traballo na prensa:

<https://pixabay.com/es/photos/peri%C3%B3dico-noticias-412452/>



Os traballos que máis necesitan as empresas aparecen nos anuncios de periódicos.

Só un 2% (2 de cada 100) da xente que viu estes anuncios nun xornal consegue traballo.

O boca a boca:

<https://pixabay.com/es/illustrations/retroalimentaci%C3%B3n-confirmando-2990424/>



Falar coa xente sobre o asunto, o que coñecemos como o boca a boca, é como unha rede social para quen necesita traballar. Co boca a boca podes preguntarlles a persoas coñecidas ou a familiares se saben dalgún traballo. Pódeche axudar moito a enconralo.

De feito, un 70 % (70 de cada 100) dos traballos conséguense desta maneira.

Texto adaptado da revista *Consumer*

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA

COMEZA NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

De:
Para:
Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

